



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA E A ASOCIACIÓN DE AXUDA AO TOXICÓMANO "ÉRGUETE".

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2016

REÚNENSE

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 230/2012, do 2 de decembro, do seu nomeamento, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, Carmen Avendaño Otero, actuando en nome e representación da Asociación de axuda ao toxicómano "Érguete", inscrita no Rexistro Central de asociacións o 06.03.2007, co número: 2007/010338 (SC).

A Asociación de axuda ós toxicómanos "Érguete" foi clasificada como de interese social por Orde da Consellería de Presidencia e Administración Pública de data 16.11.1999.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente, na calidade con que cada un intervén, a capacidade legal necesaria para subscribir este Convenio, e para tal efecto,

EXPOÑEN



Primeiro. – No Decreto 235/2012, de 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, créase a Vicepresidencia e consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Pola súa banda, no Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (modificado polo Decreto 22/2015, do 5 de febreiro) atribúelle a este departamento, a través da Secretaría Xeral Técnica, entre outras, as competencias en materia de asociacións e fundacións.

Segundo. – O obxecto da Asociación Érguete é destinar e afectar o seu patrimonio á realización, sen ánimo de lucro de fins de interese xeral para a






comunidade, encamiñados a inserción socio-laboral de persoas con especial dificultade de integración na sociedade. En particular a entidade promoverá todas aquelas accións que respectando as disposición legais existentes, fomenten a formación profesional, a reeducación, a reinserción social e alfabetización dos colectivos marxinais dentro da Comunidade Autónoma.

Terceiro.- Esta Vicepresidencia e Consellería de Presidencia de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ten interese en impulsar aquelas alternativas á cadea que en determinadas condutas dan resultados máis eficaces e poden garantir unha mellor rehabilitación. No caso das persoas que sufriron penas privativas de liberdade hai que propiciar a súa reinserción socio-laboral, e traballar para facer comprender á sociedade que non abonda cunha resposta inmediata, de carácter punitivo e represivo nin cunha resposta centrada exclusivamente no ámbito xudicial ou policial, senón que cómpre facer moito máis. Neste senso a sociedade ten unha responsabilidade importante apoiando as medidas de reinserción e integrando a estas persoas novamente na sociedade.

Cuarto. - De acordo co establecido no artigo 26.2º, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cómpre salientar que a Asociación Érguete vai desenvolver o programa de Formación e Integración Social (PFIS), destinado a persoas con problemática legal (delincuentes primarios en período de suspensión de condena ou en circunstancias susceptibles de acceso ao Programa, cun baixo índice de perigosidade ademais de cun nivel medio alto de motivación para o cambio). Este programa ten como obxectivos:

- Crear un ambiente adecuado para facilitar o estudo de situacións que se deben resolver
- Establecer unha vía de reflexión persoal sobre a propia forma de actuar e as súas consecuencias
- Preparar para afrontar situacións que poidan provocar reincidencia
- Establecer un sistema de apoio permanente tanto para eles como para as súas familias durante o tempo que dure o Programa e incluso unha vez rematado
- Espertar o interese por propoñerse novas metas e facilitar o seu alcance

Ao abeiro do exposto, esta Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza considera necesario colaborar coa Asociación Érguete no proxecto PFIS, pois é a través de programas de intervención terapéutica como este, no que se intervéñ para analizar e restaurar as causas que levaron á persoa a rachar os seus vínculos coa sociedade, afastándose dela, a forma de acadar unha integración social





plena, consciente e sobre todo satisfactoria de delinquentes primarios, evitando que se convertan en habituais, pasando así a engrosar o número de internos que ocupan os centros penitenciarios da nosa Comunidade Autónoma.

Este departamento valora as actuacións desenvolvidas a través deste programa por canto se considera que é ao inicio da actitude delituosa cando a intervención pode ser máis efectiva.

En atención ao exposto non é posible promover a concorrência pública pola especificidade do programa a desenvolver.

Quinto.- A entidade cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo có disposto no artigo 10 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En consecuencia ambas as dúas partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración con suxeición as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. – OBXECTO

A través do presente convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Asociación de axuda ós toxicómanos “Érguete”, para continuar coa colaboración na realización durante o ano 2016 do programa de Formación e Integración Social (PFIS), destinado ao fins descritos no expoñendo cuarto deste convenio.

SEGUNDA.- Obrigas da Asociación

A Asociación de axuda ós toxicómanos “Érguete”, queda obrigada a destinar os fondos percibidos ao financiamento dos gastos de persoal necesarios para levar a cabo as actuacións referidas na cláusula primeira.

1. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da CC. AA. para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





2. Dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto do convenio, o cumprimento de tódalas condicións e obrigas recollidas neste convenio, e o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como ás demais obrigas esixidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
3. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ó Consello de Contas e ao Tribunal de Contas.

TERCEIRA. – OBRIGAS DA CONSELLERÍA

A Vicepresidencia e consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, aboará o Asociación de axuda ós toxicómanos “Érguete” a cantidade de TRINTA E SEIS MIL EUROS (36.000 €) conforme ao orzamento recollido no do Anexo I deste Convenio e que se distribúen do seguinte xeito:

VINTE E UN MIL CENTO VINTE E CINCO EUROS (21.125 €) que se imputarán á aplicación orzamentaria 05.21.121A.481.1 (CP:2015 00089) e CATORCE MIL OITOCENTOS SETENTA E CINCO EUROS (14.875 €) que se imputarán á aplicación orzamentaria 05.21.131A.481.0 (CP: 2015 00089) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2016.

CUARTA.- XUSTIFICACIÓN E LIBRAMENTO DOS FONDOS.

A achega económica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza realizarase nos termos requiridos no artigo 48 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, que establece que a conta xustificativa conterá, con carácter xeral, a seguinte documentación:

- 1.- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actuacións realizadas e os resultados obtidos.
- 2.- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
 - a) unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e no seu caso a data de pagamento; no caso de





que a subvención se outorgue conforme a un presuposto, indicaranse as desviacións producidas.

- b) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pagamento.
- c) Certificado de taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmobles.
- d) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a), salvo naqueles casos en que as bases reguladoras da subvención previsen a súa compensación mediante un tanto alzado sen necesidade de xustificación.
- e) Unha relación detallada dos outros ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada con indicación do importe e procedencia.
- f) Os tres presupostos que, en aplicación do art. 29.3 da Lei de subvencións de Galicia debera solicitar o beneficiario.
- g) No seu caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como os xuros derivados destes.

3.- Non obstante o anterior, cando por razón do obxecto ou da natureza da subvención non fose preciso presentar a documentación prevista no apartado anterior, as bases reguladoras determinarán o contido da conta xustificativa.

O representante da Asociación acreditará a realización das actividades financiadas estendendo certificación do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda.

Con anterioridade á xustificación da execución da actividade presentarase unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para un mesmo proxecto das





distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Consellería expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a consellería, se reducirá na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas a Asociación deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.


Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido a Asociación, como consecuencia da realización de actuacións acordos co obxecto do convenio e que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o 15 de decembro de 2016.

QUINTA. – PAGOS PARCIAIS.

 A achega económica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza poderá instrumentarse mediante pagamentos parciais, a solicitude da entidade, ata un máximo do 80% da contía total da achega, de acordo có disposto no artigo 62 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro e 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dentro do límite da respectiva anualidade orzamentaria e atendendo ó ritmo de execución da acción subvencionada.

Para a realización de pagamentos parciais a entidade, deberá xustificar que se realizaron actuacións relacionadas có obxecto do convenio, así como o





seu pagamento. Os pagamentos parciais quedarán condicionados ó resultado da liquidación definitiva.

De acordo co establecido nos artigos 11d) da Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, antes de efectuar o primeiro pago parcial da achega económica da Administración Autonómica, a entidade, deberá presentar unha declaración do conxunto de tódalas axudas concedidas para este mesmo fin, perante as Administracións Públicas ou outros entes públicos. Con carácter previo á tramitación do derradeiro pagamento a Fundación deberá presentar unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma actuación das distintas Administracións Públicas ou das entidade vinculadas ou dependentes das mesmas.

SEXTA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS

De acordo co disposto no artigo 40.1º, letra d) a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais

SÉTIMA. - SEGUIMIENTO DO CONVENIO

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha comisión mixta paritaria, integrada pola Secretaria Xeral Técnica da Consellería e a Presidenta da Asociación, ou persoas que designen no seu nome, e un representante máis de cada unha das partes.


A comisión mixta ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicita algunha das partes.

As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio
- Proposta, se é o caso, de addendas
- Intervención previa á resolución por incumprimento
- Coordinación das funcións das dúas administracións
- Calquera outras relacionadas co desenvolvemento deste convenio

OITAVA.- PUBLICIDADE

Este convenio será obxecto de publicación de acordo co previsto na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45





da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006, e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

NOVENA.- RESOLUCIÓN

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades obxecto da axuda.

De resolverse o convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza poderá, no seu caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade có disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMA. – XURISDICIÓN

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, previo informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Vicepresidencia e Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso - administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

DÉCIMO PRIMEIRA. – VIXENCIA

A vixencia do presente convenio estenderase dende a sinatura ata o cumprimento, polas partes, dos deberes asumidos. En ningún caso excederá do 30 de decembro de 2016.






DECIMO SEGUNDA. - Normativa aplicable

O presente convenio rexeráse polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.


E en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O Vicepresidente e Conselleiro de
Presidencia Administracións Públicas e
Xustiza



Alfonso Rueda Valenzuela

A Presidenta da Asociación de axuda
ós toxicómanos "Érguete",



Carmen Avendaño Otero



XUNTA DE GALICIA

galicia

ANEXO I

PROCEDEMENTO		DOCUMENTO ORZAMENTO PROGRAMA
CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN SPÚBLICAS E XUSTIZA E A ASOCIACIÓN DE AXUDA AO TOXICÓMANO ÉRGUETE		

PROGRAMA	PROGRAMA FORMACIÓN E INTEGRACIÓN SOCIAL
----------	---

TEMPORALIZACIÓN DA ACCIÓN

DATA INICIO	01/01/2016	DATA FINALIZACIÓN	31/12/2016
-------------	------------	-------------------	------------

ORZAMENTO DE GASTO

GASTOS DE PERSOAL	
RETRIBUCIÓN INTEGRAS E CUOTAS A SEGURIDADE SOCIAL	36.000 €
TOTAL PROGRAMA	36.000 €

